



A. MEMORIA PROCESO PARTICIPATIVO


1. TÉCNICAS DE INVESTIGACIÓN SOCIAL

1.1 PORTAS ABERTAS

Como se recolle no apartado e) 4º o principio de portas abertas está sempre presente, as entidades entran en saen en función da súa actividade e/ou participación.

Iniciamos no mes de maio unha campaña **A túa voz conta!** Co obxectivo de atraer novos socios que actúan no territorio, para traballar con eles a Estratexia de Desenvolvemento Local. O obxectivo é incorporar 35 novas entidades no prazo de 6 meses, coincidindo cos traballos de elaboración da Estratexia.

Así, dixitalimos o proceso de solicitude de axuda cun apartado específico na web. Este apartado web irá ampliándose con información, borradores e consultas para a elaboración da estratexia.



A túa voz conta. Únete ao GDR Limia-Arnoia



Dende o **GDR Limia-Arnoia** queremos que a vosa entidade sexa parte do Grupo de Desenvolvemento Rural. Queremos que **participedes no deseño da estratexia** para o futuro das comarcas de **Allariz-Maceda, A Limia, Baixa Limia e Terras de Celanova**.

Os **obxectivos do GDR Limia Arnoia** son:

- Valoración do patrimonio natural e cultural.
- Mellora do entorno económico coa finalidade de contribuír á creación de emprego.

[Privacidade e política de cookies](#)




QUEREMOS CONTAR CON VÓS

Se formos parte dunha **asociación xuvenil**, de **mulleres ou agraria**, ou dunha **entidade de acción social**, para a **conservación do medio** ou do **sector cultural, educativo e etnográfico**, queremos contar con vós.

Completa o formulario de solicitude para asociar a túa organización ao **Grupo de Desenvolvemento Rural Limia-Arnoia (GDR-10)** e envíanos a **documentación complementaria** ao email info@limia-arnoia.gal. Se tes calquera dúbida, ponte en contacto con nós no **teléfono 988 688 779**.

[Formulario Solicitude >](#)



Ao longo destes meses levamos refido as seguintes solicitudes de socios á GDR:

CIF	NOME	Concello
44480106	A Arca da Noe	Vilar de Santos
G-32.184.624	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE XACEBÁNS	XACEBÁNS (QUINTELA DE LEIRADO)
G32501371	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE GROU	Lobios
V32154254	CMVMC Porqueirós	Muíños
V32229221	COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS E MAN COMÚN DE ZAPEAUS	RAIRIZ DE VEIGA
F32449514	Sociedad Cooperativa Xestión Patrimonio Cultural	Allariz
G05478250	AC O SOBRADO DO TANGARAÑO	XUNQUEIRA DE AMBIA
G32492399	ASOCIACIÓN A CASA VELLA	ALLARIZ
V32222481	COMUNIDADE DE MONTES EN MAN COMÚN DE ESCUDEIROS-RAMIRÁS	RAMIRÁS
G42836270	ASOCIACIÓN CAMIÑO DE SAN ROSENDO E RAINHA SANTA	CELANOVA
G32388738	Asociación de Veciños de Puxedo	LOBIOS
G01651397	Asociación Cultural Antela Editorial	Vilar de Barrio
G32378960	Asociación Cultural Rebulir	Ramirás

1.2 FORMULARIOS DE CONSULTA DIXITAIS.

Deseñaremos un campaña dixital, de continuidade coa liña da actual, pero deseñada para recoller a opinión cidadá sobre temas relevantes para estratexia "A túa voz conta. Cóntanos!"

Baseada en mini enquisas de ½ preguntas que favorezan a participación social na elaboración da EDL. A modo de exemplo:

- .1.1. Cal é para ti o servizo máis deficiente na comarca da Limia?
- .1.2. Se tiveras que elixir una empresa modelo na túa comarca cal elixirías?
- .1.3. Onde ves oportunidade de negocio na túa comarca?
- .1.4. Cal é a necesidade máis urxente no sector agrario?

Elaboraranse unhas 30 preguntas que estarán dispoñibles na nosas web e se moveran polas redes sociais (unha por semana) ao longo de toda a estratexia. Unha pregunta por semana.

Este traballo realízase ao longo de novembro ata marzo co obxectivo recadar da opinión pública cuestións que afecten en cada momento ao territorio.

 **Limia Arnoia GDR 10**
15 de decembro a las 11:27 - 🌐

Última pregunta que vos facemos esta semana para contar coa vosa opinión no deseño da Estratexia de Desenvolvemento Local 2023-2027.

6 Que oportunidades de negocio ves na túa comarca? 😊

Responde aquí. <https://forms.gle/sGP7bapKGwTy1ofQ9>

**6. Que oportunidades de
negocio ves na túa comarca?**

A túa voz conta

Proceso participativo para a elaboración da **Estratexia de
Desenvolvemento Local 2023-2027.**

 **Limia-Arnoia**
GDR-10



Despois destas tres primeiras preguntas, darémosvos un par de semanas de descanso. Temos outras cousas que contarvos! 🍷 Podedes recuperar e responder cando queirades calquera das preguntas. Se tedes algunha dúbida, envi... Ver máis

3. Servizos máis deficientes na túa zona

A túa voz conta

Proceso participativo para a elaboración da **Estratexia de
Desenvolvemento Local 2023-2027.**



Este proceso realíse mediante un formulario en google forms, e recibimos nun excel as diferentes respostas coas que despois traballamos.

Recollemos unha síntese da respostas recollidas e das que nos axudou a decidir actuacións da estratexia.

VER ANEXO A.I

1.3 CAMPAÑA DE MARKETING E COMUNICACIÓN ATERRA. VER APARTADO E, DA MEMORIA DA ESTRATEXIA.

Co obxectivo de elaborar un apartado e) da EDLP en fondura e que axude á problemática da SAU no noso territorio, desenvolveremos una iniciativa pioneira a nivel local para a consulta da oferta-demanda de terras. Unha ferramenta que conte coa participación dos titulares de terras e do sector agrario acompañados pola universidade, as oficinas agrarias comarcais e as asociación de produtores.

Nota. Ver apartado e.

A análise do territorio e o desenvolvemento de ferramentas tecnolóxicas, de participación e de comunicación vai ser unha das liñas marco nas que a estratexia se centre para o período 2023, dende unha

visión funcional e pragmática “tentar dar solucións á demanda real de terras para a produción agraria do territorio Limia Arnoia

- Deseño de imaxe corporativa, manual de estilo, campaña de comunicación

10




- Deseño do portal web. www.aterra.gal

Portal con información da iniciativa e da estratexia de Desenvolvemento Rural do GDR Limia Arnoia e con acceso directo ao Visor WEB.




- Desenvolvemento do visor web aterra para o noso territorio.

No Visor podes consultar as parcelas e explotacións dispoñibles así como facer a tua demanda ou oferta de terras.



11



- Xuntanzas de disución e participación con diferentes axentes antes do lanzamento
- Xornadas co sector agrario do territorio
- Xornadas cos técnicos das oficinas agrarias
- Xornadas con asociación de produtores



12

- Xornada en Allariz con produtores agorecolóxicos, Presentación aterra e traballo de proxecto piloto transformación.
- Elaboración de material promocional
- Video de aterra
- Dptico.



Fondo Europeo Agrícola de
Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



aterra
GDR Limia-Arnoia

Terra
"Extensión delimitada da superficie terrestre susceptible de estar dedicada a unha certa actividade".

Aterrar
"Pousar en terra", "Aparecer, asentarse nun sitio".

Aterra

Aterra é unha iniciativa do Grupo de Desenvolvemento Rural Limia Arnoia que ten como obxectivo impulsar novos proxectos agrarios no territorio no que traballa.

Aterra, unha iniciativa innovadora que nace da base para chegar ao cumo. Tiramos proveito da tecnoloxía e creamos un novo servizo para chegar ás persoas que queiran desenvolver un proxecto agrario.

O obxectivo é dinamizar o territorio do GDR Limia-Arnoia e recuperar unha parte da produción agraria abandonada. Queremos conectar a persoas propietarias de terras con persoas demandantes de terra para o desenvolvemento ou ampliación do seu proxecto.

Para comezar a utilizar a plataforma cómpre visitar www.aterra.gal e facer clic en "Ir ao visor".

A) Podes ver as fincas dispoñibles para alugar ou venda premendo en "Consulta oferta/demanda".

B)

- Fai clic en iniciar sesión e crear conta.
- No menú superior, fai clic en "Crear oferta e Oferta terras ou explotacións".
- Selecciona concello, parroquia e entidade de poboación. Tamén podes navegar a través do mapa.
- Activa a opción SDOFAC, no menú da dereita.
- Debuxa a parcela.
- Cubre os datos do desplegable.

13

- Convite ao acto



O presidente do Grupo de Desenvolvemento Rural Limia-Arnoia
Gumersindo Lamas Alvar


Comprácese en convidala/o a vostede ao evento

Presentación da iniciativa do GDR Limia-Arnoia :
Aterra. "Recuperar a terra. Diseñar o futuro"


que terá lugar o 30 de novembro ás 12:30 horas
no Salón de Actos do Concello de Sarreaus



- Vídeos individuais de apoio ao proxecto.
 - o Presidente do GDR. Gumersindo Lamas



- o Presidenta de Adegal. Maite Joga
- o Coordinadora do GDR. Eva González



- o Coren. David
- Constará coa presentación pública do portal Aterra para o lanzamento de “atterra no Limia -Arnoia” e iniciar unha potente campaña de participación e consulta pública (de setembro a decembro).
 - o Presentación celebrouse no concello de Sarreaus o 30 de novembro



Fondo Europeo Agrícola de
Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



15







Fondo Europeo Agrícola de
Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



17



- o No acto participaron mais de 80 persoas vinculados ao sector agrario:
- Produtores de horta
- Comunidades de montes
- Explotacións en extensivo na Baixa Limia e na Serra de San Mamede
- Oficinas Agrarias Comarcais
- Cooperativas de produtores e de servizos: Biocop, Braña, Postorio, Procevisa,...
- XP, Consello reguladores,
- Institucional (concellos, Inorde e agader).
- Notas de prensa e reportaxes pagados na prensa:
 - o Entrevista na TVG .A Revista


18



- o
- o Entrevista en Telemiño



Fondo Europeo Agrícola de
Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



o

o Entrevista en La Ser



o

o Entrevista na Cope Ourense

o Reportaxe en Campo galego

o Reportaxe en Praza Pública

o Reportaxe en La Region

o Nota de prensa publicada en Faro de Vigo, La Voz de Galicia, Diario do Limia e Dende A Limia,



FIBRA 100Mb + 2 MÓBILES + FIXO
desde **31,95€/mes**
GRELO.GAL | 881 821 100

GALICAL
Encalado agrícola

Aterra, una iniciativa en A Limia y Arnoia que activa la oferta de tierras para la agricultura

El Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Limia-Arnoia impulsa un proxecto que conecta a demandantes y ofertantes de terras. La iniciativa abarca 25 municipios de Ourense de 4 comarcas, con participación de los diferentes agentes sociais del territorio

A.G./G.D.
19/12/2022 4:52 pm

Ir a los comentarios

Publicidade

PARA TODO TIPO DE GANDO!

20

- Reportaxe en Somos Agro de la Voz.

La Voz de Galicia

Lee sin límites todas las noticias

SOMOSAGRO

La tierra se hace un Tinder

M.CEDRÓN
REDACCIÓN

También en La Voz

Encuentran en el Lerez el cadáver de la séptima víctima mortal del accidente
LÓPEZ PEÑIDE

Los pasajeros del bus del Lerez viajaban hacia una cena de Nochebuena a la que nunca llegaron

1.4 MESAS DE PARTICIPACIÓN

As mesas de participación recollidas nos estatutos do Limia Arnoia terán como temática de traballo a elaboración da EDL, iniciando un trabalo intenso de inicio do proceso participativo a partir de setembro de 2022 e ata a primavera do 2022.

MESAS

1. Mesa Institucional: 30/12/2022

2. Mesa do sector agrario: 15/11/22022 (o proceso de participación de PEL)
3. Mesa de patrimonio: 28/03/2023 Bande . Anexo A.2



4. Mesa Medio Ambiente: 30/03/2023. Lobios. Sede do Parque natural en Lobios. Anexo A.3



1. Xuntanza sobre patrimonio

 28/03, 09:45 h.

 Salón de plenos do Concello de Bande

2. Xuntanza sobre medio ambiente

 30/03, 09:45 h.

 Sede Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés (Lobios)

Xuntanzas abertas de participación social

Proceso participativo para a elaboración da **Estratexia de
Desenvolvemento Local 2023-2027.**



5. Venres en feminino. Ciclo de catro cornadas online falando de muller e agricultura.

Falamos de muller, rural, innovación e desenvolvemento rural con mulleres que son referente, cunha ampla experiencia no territorio, na universidade ou mesmo nos sindicatos agrarios. Nos encontros participaron unha media de 20 persoas por encontro e conversamos sobre as dificultades ás que se enfrenta unha muller para acceder ao mercado laboral a emprendemento. Destacamos a calidade da innovación feminina e a necesidade de incorporar a ollada feminina no desenvolvemento rural.



Fondo Europeo Agrícola de
Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



23

EQUAL RURAL

"CITIZENS, EQUALITY, RIGHTS AND VALUES PROGRAMME"
(COMISIÓN EUROPEA)

VENRES EN FEMININO

24/03/2023 (10:30h-11:30h)

- Inés López Pereiro (Sen sucre / Asoc. A estruga): "Obradoiro de cociña km 0 / Espazo agroecolóxico"
- Mercedes Veites (Lumecú): "Fortalezas / dificultades dun proxecto feminino rural"

21/04/2023 (10:30h-11:30h)

- Mar Pérez Fra (Profesora da Escola Politécnica de Lugo) "As mulleres do rural hoxe"

2

14/04/2023 (10:30h-11:30h)


- Isabel Vilalba Seivane (Secretaría do Sindicato Labrego Galego): "Dereitos profesionais das labregas e acceso á titularidade"
- Uxía de Bucíños Nóvoa (Tralaleira): "Proxecto feminino agroecolóxico"

4

28/04/2023 (10:30h-11:30h)

- Eva González Pérez (GDR A Limia-Arnoia) "O desenvolvemento rural dende a innovación feminina"
- Olga Rivas Iglesias (Fundación Roberto Rivas) "Emprendemento social en contornas rurais para xerar oportunidade que mitiguen a despoboación"
- Inma Soto Iglesias (Educ. Ambiental) "Coñecemento e posta en valor para a conservación do territorio dende a infancia"

ENCUNTROS
DIXITAIS



6. Mesa de Muller:



Celebramos tres concontros con mulleres que traballan no territorio do GDR Limia Arnoia, os encontros celebráronse en Xinzo de Limia, Allariz e Sarreaus e contaos coa participación de mulleres que traballan e teñen impacto nas vidas das mulleres. O tema central das mesas foi a Innovación Social como ferramenta de cambio.

24

DATAS: 4/05/2023-22/05/2023-19/06/2023





Fotografías dos encontros da Mesa de Mulleres

Froito dos encontros e das necesidades/oportunidades detectadas decidimos por en marcha un proxecto piloto denominado “Vitamina F para o desenvolvemento Rural”, un proxecto que se vai sustentar en dous bloques de traballo “Laboratorio de participación femininas” “Talento innovador no Limia Arnoia”



Este proxecto, froito do proceso participativo será una dos proxectos piloto do GDR. Ver descrición detallada no apartado correspondente da EDL

7. Foro de participación da Reserva da Biosfera Area de Allariz

Dentro das liñas de traballo da GDR Limia Arnoia está a coordinación e xestión da Reserva da Biosfera Area de Allariz, entendida como unha ferramenta de valor para o desenvolvemento dos territorios rurais.

Así, enmarcada dentro da liña de participación puxemos en marcha o foro de participación social da RB Area de Allariz formada por unha vintena de entidades que traballan no territorio de diferentes áreas (pesca. Caza, sector forestal, de mulleres, deporte, mocidade, agrario, entidades publicas locais, provinciais,...)

- Representación do sector agrícola-gandeiro-forestal Pablo Forestal - Marcos Quintas
- Representación Aso. cinxéticas/piscícolas. Pesca Jesus Fernández vazquez / Caza Maquía
- Representación do sector turístico-hosteleiro.
 - o Arca da Noe Noemí Vázquez Nogueiras –
 - o OCA -Goretti Iglesias
- Representación do sector industrial. Polígono VDS Toño da Pedra: 606 30 55 21
- Representación de asociacións/colectivos vencellados co Patrimonio Etnográfico: Asoc. Cultural Padroado do Museo da Limia - Sara Ruiz García
- Representación de asociacións protectoras do medio ambiente: SGHN - Marcos Freán - Isabel Álvarez
- Representación de asociacións vencelladas á xuventude. Andrea de VDS -
- Representación de asociacións vencelladas ás mulleres. As Pegureiras Manuela Estévez Álvarez
- Representación de asociacións vencelladas á área cultural: Fundación Vicente Risco - Antonio Blanco Rodríguez-
- Representación dos centros de investigación do Campus de Ourense. Contactar Eva
- Representación do Consello Científico. Pablo Ramil -
- Representación dalgunha CMVMC da Reserva: Iván Bloquera (CMVMC Sabariz) -
- Representación de asociacións veciñais: O Coro de A Bola Maruxa -
- Representación da Asociación do Mercado da Reserva. Mimá -
- Representación dalgunha ANPA: Cris Álvarez
- Representación de asociacións vencelladas ao pequeno comercio e artesanía: LIMIAR - Lois Romasanta Suárez
- Asociación de Fútbol da Bola: José Benito Miranda Veloso / Javier Seara Fernández.

1.4.1 Entrevistas. 6 entrevistas.

Focalizamos o traballo de análise nas 4 mesas definidas nos estatutos, e entrevistaremos a 2 representante de cada mesa.

- Mesas dinamización agraria	- Presidente da asociación de pataqueiros da Limia (Amador Díaz) - Celso de Ganade. Coren
- Mesa de Comercio e turismo	- Marta Delgado. Lirios do Xurés - Alcaldesa de Allariz. Cristina Fernández Cid
- Mesa Dinamización social	- Representante do sector social (Lucía Nóvoa presidenta do CDR O Viso) - Pablo Rodríguez. Aldea de Puxedo (Lobios)
- Mesa Institucional	- Alcaldesa de Xinzo de Limia. Elvira Lamas - Alcalde de Muíños. Plácido Álvarez (vicepresidente da deputación de Ourense)
- Alcaldías	- Alcaldesa de Bande - Tenente alcalde de Celanova





Algunha fotografía das entrevistats. Alcaldesa de Bande e Marta de Lirios do Xurés.

2. ANÁLISE DA INFORMACIÓN

Para a análise da información recompiladas nos procesos de participación estaremos acompañados por persoal cualificado a USC para seguir os pasos pertinentes o proceso de “manexo de información” que é:

- Captación:
- Asimilación.
- Transmisión.
- Almacenamiento.
- Asociación.
- Cálculo.
- Consulta.
- Distribución.

Esta última a distribución é por definición a entrega de información procesada, e isto require dun un tratamento analítico, pois non chega con procesar os datos, precisamos facer un análise adaptado ao que precisamos saber, “como empacar a información” para que a análise sexa o máis aproveitable en termos estratéxicos.

- Análise cuantitativo
- Análise cualitativo
- Análise de diagnose

A análise farase a tres niveis e empregando ferramentas dixitais para o procesamento de datos e que estes sexan fáciles de comprender e visualizar.

- Gráficos (dispersión, circular lineal,...)
- Diagramas (árbore e do marco)
- Mapas (fluxo, calor)

Para a obtención destas ferramentas visuais dispomos da ferramenta excell e do Mentimeter

- Presenta os datos de forma visual e dinámica ao instante
- Mentimeter é unha ferramenta que recompila enquisas, datos e opinións empregando telefono móbil e outros dispositivos
- Obtén información sobre os participantes con análises de tendencias e exportación de datos.

Metodoloxía das MESAS:

Como parte da metodoloxía de traballo participativa da presente estratexia planificouse a celebración dunha serie de mesas de traballo, coa finalidade de coñecer de primeira man a opinión do da comunidade local no territorio local, organizadas en mesas sectoriais.

Desde o punto de vista metodolóxico, as mesas están formuladas coas seguintes características:

- Fomato "focus group", unha metodoloxía con importante tradición no eido dos métodos de traballo cualitativos, que procura reunir a unha serie de persoas con coñecementos sobre un tema concreto.
- Adoptar un esquema homoxéneo. Con carácter xeral, o moderador porá sobre a mesas serie de cuestións chave, sobre as que se organiza o debate entre os asistentes.

- Desde o punto de vista territorial, procurouse acadar un equilibrio espacial que reflectise a grande diversidade territorial do GDR.
- Os participantes das mesas fano como representantes das institucións ás que pertencen, tendo en conta o seu cargo e as súas competencias.
- Procurarase contar cun número proporcionado de participantes, entre 10-15 por mesa, para facilitar o debate e garantir a fluidez das mesas. O tempo medio de duración de cada unha será de dúas horas presenciais e de unha hora e media online.

32

A GDR Limia Arnoia contacta coas institucións con vistas á participación nas mesas sectoriais, para poder coñecer o punto de vista dos seus representantes.

Organizáronse un total de 8 mesas de traballo organizadas por emsas sectoriais descritas no apartado de participación.

En todas as mesas estará presente o GDR coa participación de Eva González Pérez, Xosé manuel Puga e María Angeles Novoa.

A partir da información recollida nas mesas, elaborárase unha serie de táboas sintéticas, de conclusión, que responderán ao seguinte esquema:

CAL É A DIAGNOSE ACTUAL?	QUE PROPOSTAS PARA O FUTURO?
--------------------------	------------------------------

Dos traballos de participación social elaborados durante a estratexia fomos quen de detectar a necesidade de:

- A auga e a enerxía teñan un peso fundamental na EDL 2023-2027 → Grupo de Traballo Auga e Enerxía → Definir liñas de traballo do GDR nesta temática.
- Aterra como eixo central do traballo do GDR para os vindeiros 10 anos.
Acordo Deputación → Acordo Bispado → Axuda pública da Deputación de Ourense → Contratación de técnicos para aterra
- A muller como principal axente de cambio → Posta en marcha do proxecto piloto Vitamina F
- Atender especialmente ao patrimonio cualificado como BIC
- Posta en marcha da Marca Reserva da Biosfera Gères-Xurés

- Estratexia alimentaria do GDR Limia Arnoia